

ÚNETE A NÓS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A reflexión da semana:

SE NOS APOIAMOS, MEDRAMOS


O mandato de masculinidade

QUÉ É O MANDATO DE MASCULINIDADE?

O **mandato de masculinidade** di aos homes que necesitan apropiarse de algo, ser donos. A precarización da posición masculina pon en cuestión a súa potencia. E polo tanto só queda a violencia —sexual, física, bélica— para restaurarse na posición masculina

O mandato de masculinidade pon aos homes nunha constante necesidade de demostración ante os seus pares da súa potencia (económica, sexual, física ou de dominación) para ter aceptación. E a violación, do mesmo xeito que o femicidio, é unha das expresións máis extremas dese mandato.

Rita Segato (antropóloga)



Imaxe: Masculinidade tóxica; Axencia Patricia Galvao, Brasil

As novas masculinidades



Imaxe: Pablo Duque Melguizo; "Diagnóstico de los factores y dimensiones

estructurales que inciden en la violencia de género"



Que son?

- As novas masculinidades fan referencia a un concepto novo de ser e estar no mundo actual como home.
- A herdanza recibida socialmente por todas e todos nós, fundamentada nun sistema patriarcal e unha visión androcéntrica do mundo e das relacións entre homes e mulleres entraron en crise co impulso forte e radical que xenerou o movemento feminista.
- Desde 2004, a **ONU**, embarcouse nunha loita por impulsar un novo concepto de **masculinidade**.
- A idea é deixar a un lado a **figura do home dominante** e "liberarse dos roles prefixados socialmente".
- Este cambio é un cambio profundo, que comeza por ir vendo nas novas relacións e nos novos escenarios a homes que realizan tarefas e traballos que ata agora se entendía que eran responsabilidade única da muller:
 - Coidar e atender ao fillos, ou as persoas maiores
 - Realizar as tarefas domésticas nun reparto equilibrado e equitativo das mesmas.
- Por outra banda faise preciso entender que as mulleres necesitan do seu tempo para dedicalo a elas mesmas no mesmo grao que o poidan necesitar os homes; facer exercicio e practicar deporte, ler, relacionarse coas amizades, participar da vida política, social e/ou comunitaria da súa contorna, e esta demanda xa está na rúa, nas casas.
- Todo este movemento, contribúe a que os homes se sintan coa liberdade de mostrar facetas que ata o de agora lles estaba vedado pola súa condición de ser homes. Poden entre outras cousas:
 - Rachar coa imposibilidade de mostrar os seus sentimentos e emocións, mesmo chorar.
 - Mostrarse vulnerables
 - Aceptar que as mulleres poden ocupar postos de responsabilidade e mesmo ser as súas xefas directas
 - Asumir as responsabilidades inherentes a paternidade e ao coidado das/os fillas/as ou das persoas maiores dependentes da súa familia
 - Realizar a tarefas do fogar sen que a súa capacidade de home se vexa comprometida por elo.
- Todas as persoas temos no noso ADN características asociadas ao masculino, e ao feminino, o que se trata é de non dar máis valor a un por riba da outra e viceversa, senon de valorar en cada momento o que é a resposta ou conducta ou actitude adecuada á situación que se está a vivir.

Suxestións audiovisuais



UNHA LONGAMETRAXE:

"Te doy mis ojos"

De Iciar Bollain

CAMPAÑAS PUBLICITARIAS e DOCUMENTAIS

"Cambialtrato" De Avón

"Masculinidad tóxica" De Guilette

"48 cosas que los hombres escuchan a lo largo de su vida"

"clonar a un hombre" de masculinidades Beta



"Nuevas masculinidades"

De Marta Segarra e Angels Carabí

"El viaje". Hombres feministas

Comic Fundación Cepaim



"Quien te crees"

El sueño de Morféo

E un poema:



hibernar en la estación del miedo

Julia Navas Moreno

Caminar por los pasillos de puntillas.
Perder la voz, la risa, la elocuencia;
las ganas de pintarte los labios
y desafiar tu mirada frente al espejo.

Temes las puertas sin cerrojo y
su aliento en tu nuca;
los silencios que preceden
a la ira desatada;
sus labios finos y apretados
antes de sentir garras en tus muñecas
mientras susurra:
¿Por qué me haces esto?

Después,
la humillación, el golpe,
el suelo frío en tu mejilla,
la ropa arrancada,
la desnudez del alma,
el llanto agotado en la sequía...

Sueñas con la soledad de tu cama
y tanteas, desde tu ínfima esquina,
para comprobar la tersura
de la sábana al otro lado.
Buscas en un mapa imaginario
el punto más lejano
a sabiendas que, aun ligera de equipaje,
no habrá distancia ni techo seguro.

Entonces,
te haces un ovillo e hibernas.

Sueñas con su caída
es los malditos infiernos.
Despiertas.

No respiras, no sugieres, no opinas.
No paseas, no saludas, no miras.

Y te mueres de frío poco a poco
entre paredes de hielo polar.